

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 6, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, XESTIÓN, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL

PREÁMBULO

A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (en adiante, Lei 7/2022), en desenvolvemento da Directiva UE 2018/851, establece como obxectivo de calquera política en materia de residuos, reducir ao mínimo os efectos negativos da xeración e xestión de residuos na saúde humana e no medio ambiente, á vez que promover un uso eficiente e sostible dos recursos, avanzando cara a unha economía circular a través da reutilización e da reciclaxe dos residuos.

A correcta separación, clasificación e depósito de residuos favorece a aplicación da xerarquía de residuos e, en consecuencia, a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro cos efectos positivos na conservación do medio ambiente para a sociedade actual e para as xeracións futuras.

Para estes efectos, o artigo 11.3 da Lei 7/2022 sinala que as entidades locais establecerán unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluídos a vixilancia destas operacións e o mantemento e vixilancia posterior ao peche dos vertedoiros, as campañas de concienciación e comunicación, así como os ingresos derivados da aplicación da responsabilidade ampliada do produtor, da venda de materiais e de enerxía.

En uso das facultades concedidas polos artigos 31.3 e 142 da Constitución e dos artigos 4.1.a), 84.1.a) e 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRRL), o Concello da Coruña establece a taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local e leva a cabo a súa regulación a través da ordenanza fiscal correspondente.

Establécese un sistema de tarificación distinto para vivendas de uso doméstico e para establecementos.

No caso das vivendas de uso doméstico, configúrase a estrutura tarifaria establecendo a distinción dunha parte fixa, relacionada co gasto derivado do establecemento obrigatorio do servizo, e dunha parte variable na tarifa, relacionada co consumo de auga e cos roteiros da recollida de lixo domiciliario.

A recadación da taxa respecto da vertente coñecida como domiciliaria realizarase mediante a incorporación do seu importe á factura do servizo de subministración de auga por parte da entidade subministradora do devandito servizo.

Polo que respecta á taxa de recollida de lixo en establecementos onde se desenvolven actividades económicas seguindo a clasificación de actividades establecidas no Real decreto 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas, establécese unha clasificación de actividades atendendo á cantidade e tipos de residuos que se xeran (orgánicos, papel-cartón, envases, vidro e resto).

A cota para este tipo de establecementos calcularase por unha cota de dispoñibilidade do servizo, máis unha cota variable por xeración. A cota de dispoñibilidade terá unha parte fixa, á que se lle aplicará un coeficiente en función dos metros de superficie do establecemento.

A Ordenanza da taxa polo servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local cumpre os principios de boa regulación, establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Cos principios de necesidade e eficacia, porque a súa aprobación xustifícase por razóns de interese xeral, e a súa finalidade está claramente identificada, e constitúe o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.
- Co principio de proporcionalidade, porque contén só a regulación imprescindible para atender a necesidade que quere cubrir a norma.
- Co principio de seguridade xurídica, porque a regulación que contén o regulamento é plenamente coherente co resto do ordenamento xurídico.
- Co principio de transparencia, xa que quedan definidos na mesma norma os seus obxectivos e a súa xustificación, e porque as potenciais persoas destinatarias, tiveron a posibilidade de participar na súa elaboración, a través da consulta pública previa que se celebrou.
- E co principio de eficiencia, porque a norma non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Finalmente, cabe destacar na ordenanza a aplicación de tarifas que levan consigo o non pagamento ou reducións na taxa por situacións de vulnerabilidade, ou por situacións familiares especiais que poden ter uns efectos positivos e redistributivos nas persoas contribuíntes afectadas polo pago da taxa.

A ordenanza consta de dez artigos, dúas disposicións transitorias e tres disposicións finais.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e ao amparo do establecido no artigo 106 da LRBRL; nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL); e no artigo 11.3 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, o Concello da Coruña establece a taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local, que se rexe por medio de ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20, 21, 22 e 57 do citado TRLRFL.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local no termo municipal da Coruña, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022.

2. O servizo será de recepción obrigatoria para aquelas vivendas, locais ou establecementos nos que se realicen actividades, polo que a non utilización do mesmo non exime da obriga de contribuír, conforme ao disposto no artigo 12.5 da Lei 7/2022, e segundo as definicións de residuos do artigo 2 da citada norma. No caso dos locais sen actividade e dos aparcadoiros privados, quedarán suxeitos á taxa e tributarán pola cota de dispoñibilidade do servizo prevista no artigo 5.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do TRLRFL.

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da LXT que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietarias ou usufrutuarias, habitacionistas ou arrendatarias.

En caso de vivendas ou locais nos que a cota se recade a través do recibo da Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA), presumirase que é obrigada tributaria a persoa titular do aboamento do citado servizo. No caso de establecementos comerciais, a persoa a cuxo nome se presentara a comunicación previa ou a declaración responsable ou, no seu caso, a cuxo nome figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

2. Terán a condición de substitutos/as da persoa contribuínte, nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os/as propietarios/as dos ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2 do TRLRFL.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente do pagamento desta taxa, xunto cos suxeitos pasivos substitutos/as da persoa contribuínte, os/as beneficiarios/as da prestación do servizo por utilizar ou ocupar as vivendas ou locais.

2. En materia de responsabilidade, será de aplicación o artigo 12 da Ordenanza fiscal xeral do Concello da Coruña (BOP número 223, do 03.12.2024).

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

1. Establécense dúas cotas diferenciadas, unha para vivendas de uso doméstico e outra para establecementos.

2. A cota tributaria da taxa pola prestación do servizo público de recepción obrigatoria de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local consistirá nunha cantidade anual que será o resultado, no caso de vivendas de uso doméstico, da suma dunha cota fixa e de dúas cotas variables, en función do consumo de auga potable e do roteiro de recollida de residuos. No caso dos establecementos, da suma dunha cota fixa por dispoñibilidade, que variará en función dos metros de superficie do local, e dunha cota variable que se calculará atendendo ao coeficiente que corresponda segundo a clasificación do establecemento e a consideración como xerador de residuos do titular da actividade.

3. Tarifas para usos domésticos:

3.1. Cota fixa de 85,98 €.

3.2. Cota variable relativa ao consumo de auga mensual.

CONSUMO DE AUGA MENSUAL	IMPORTE ANUAL (€)
Ata 6 m³	30
De máis de 6 m³ ata 15 m³	45
De máis de 15 m³ ata 24 m³	60
De máis 24 m³ ata 32 m³	75
De máis de 32 m³ ata 70 m³	90
De máis de 70 m³	105

A efectos do previsto neste artigo, enténdese por consumo de auga o determinado no artigo 14 do Regulamento para a prestación do servizo de abastecemento de augas de EMALCSA (Regulamento aprobado polo pleno do Concello o 22.12.1976, dentro do expediente de municipalización do servizo de abastecemento de augas, Subsecretaria do Ministerio da Gobernación, 08.07.1977) e tomarase como consumo de referencia para o cálculo os datos de consumo do ano anterior ao da devindicación da taxa.

3.3. Cota variable relativa ao roteiro de recollida existente

A cota relativa ao roteiro de recollida, ten en conta o tipo de carga de recollida e a frecuencia conforme ao contrato de lixo en vigor (Achégase roteiro como Anexo I e as rutas das recollidas no documento co seguinte CSV: 5610674B396K421D04HI).

Importe anual

RUTA	CARGA HORIZONTAL	RECORRIDO	FRECUENCIA	TARIFA (€)
1	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	MONTE ALTO-LAGOAS	MAIOR DE 2	8,5
2	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	ZALAETA-DURMIDEIRAS	MAIOR DE 2	8,5
4	TRASEIRA (INORGÁNICA/SOTERRADOS)ZONA CENTRO HOSTALERÍA	CENTRO - PRAZA DE VIGO -PRAZA DE ESPAÑA	MAIOR DE 2	10
6	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	ROSAIS- LABAÑOU - SAN ROQUE	MAIOR DE 2	6,5
7	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	PASEO DAS PONTES- CIDADE XARDÍN- MESTRE MATEO	2	9
8	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	VENTORRILLO, PERULEIRO-BENS	2	3
9	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	AS CONCHIÑAS-AGRA	2	4
10	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	SAGRADA FAMILIA-PARQUE VIOÑO	2	5
11	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	ESTACIÓN -LONZAS- ELVIÑA 1ª E 2ª FASE	2	2,5
12	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	OS MALLOS- A FALPERRA	2	5
13	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	RAMÓN Y CAJAL - A PALLOZA- OS CASTROS	2	7,5
14	TRASEIRA ORGANICA E INORGANICA	O CASTRILLÓN -A GAITEIRA	MAIOR DE 2	6
15	TRASEIRA ORGANICA E INORGANICA	BARRIO DAS FLORES-MATOGRANDE-EIRÍS DE ARRIBA -FÉLIX ACEVEDO	MAIOR DE 2	3
16	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	MARTINETE-NOVO MESOIRO-OBRAIDOIRO-BREOGÁN - P. POCOMACO	2	1,5
17	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	CASTAÑO DE EIRÍS - MONTERRAT- PEDRALONGA - PASAXE - RIO QUINTAS - UNIVERSIDADE - VALAIRE - ZAPATEIRA	ALTERNO 1 E 2	2
18	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	COMEANDA - NOSTIÁN - CASTRO DE ELVIÑA - MONTE MERO	ALTERNO 1 E 2	2
20	TRASEIRA BICOMPARTIMENTADA	POLÍGONO DE AGRELA	2	1,5

Como anexo I a este documento indícanse as rutas de aplicación e os reforzos das rutas.

No caso de que se produza unha variación no contrato de recollida de lixo actualizaranse as rutas coa publicación do novo roteiro mediante decreto da Alcaldía.

4. Tarifas para establecimientos

4.1. Aos establecementos e locais aplicaráselles unha cota tributaria integrada por unha cota de dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración. A cota tributaria resultante será, pois, a suma da cota de dispoñibilidade do servizo máis a cota variable.

Fórmula: Cota tributaria resultante (CT)= cota de dispoñibilidade do servizo + cota variable

4.2. A cota de dispoñibilidade do servizo determínase a partir da cota fixa base de dispoñibilidade, sobre a cal se aplicará un coeficiente en función do tramo da superficie do local, segundo a seguinte fórmula:

$$Cd = Cb \times Cs$$

Onde:

Cd é a cota de dispoñibilidade para cada tramo de superficie

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota fixa de dispoñibilidade para vivendas (85,98 €)

Cs é o coeficiente de superficie do local

A cota de dispoñibilidade do servizo aplicarase a todos os locais e establecementos, con independencia da actividade realizada, incluídos os garaxes privados e os locais sen actividade.

Os valores do coeficiente de superficie (cs) son os seguintes:

TRAMO DE SUPERFICIE COEFICIENTE

METROS	COEFICIENTE
Ata 30 m ²	1
Máis de 30 ata 100 m ²	1,2
Máis de 100 ata 200 m ²	1,4
Máis de 200 ata 500 m ²	1,6
Máis de 500 ata 1.000 m ²	2,4
Máis de 1.000 ata 2.000 m ²	3,5
Máis de 2.000 m ² ata 3000 m ²	5
Máis de 3000 m ² , por cada 1000 m ² ou fracción de exceso, o coeficiente anterior incrementarase nun	1,5

Aplicando pois a fórmula anterior ($Cd = Cb \times Cs$), resultaría a seguinte cota de dispoñibilidade para cada tramo de superficie :

SUPERFICIE	COEFICIENTE	COTA DISPOÑIBILIDADE
Ata 30 m ²	1	85,98 €
Máis de 30 ata 100 m ²	1,2	103,18 €
Máis de 100 ata 200 m ²	1,4	120,37 €
Máis de 200 ata 500 m ²	1,6	137,57 €
Máis de 500 ata 1.000 m ²	2,4	206,35 €
Máis de 1.000 ata 2.000 m ²	3,5	300,93 €
Máis de 2.000 m ² ata 3000 m ²	5	429,9 €
Máis de 3000 m ² , por cada 1000 m ² ou fracción de exceso, o coeficiente anterior incrementarase nun	1,5	

Os locais sen actividade tributarán por unha cota de dispoñibilidade de contía idéntica á cota aplicable ás vivendas de uso doméstico con ata 6 m³ de consumo (85,98 €).

A cota variable establécese como resultado de multiplicar a cota fixa base de dispoñibilidade polo coeficiente de actividade do sector no que se encadra o establecemento, que terá en conta o tamaño do xerador de residuos do titular da actividade

$$C_v = C_b \times C_a$$

Onde:

C_v é a cota variable

C_b é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota de dispoñibilidade aplicable as vivendas de tarifa domiciliaria (85,98 €)

C_a é o coeficiente de actividade e representa a cantidade e o tipo de residuos do sector ao que corresponde, en función do tamaño do xerador de residuos titular da actividade.

4.3. O coeficiente de actividade (C_a) é unha cifra definida para cada un dos sectores de actividade ou tipoloxías do local ou establecemento, seguindo a clasificación existente no Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución sobre as actividades económicas así como a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

O valor dos coeficientes de actividade foi calculado a partir dun indicador de xeración de residuos para as actividades do termo municipal da Coruña, sendo os valores os indicados na seguinte táboa:

	INDICADOR ACTIVIDADE
SECCIÓN PRIMEIRA. ACTIVIDADES EMPRESARIAIS: GANDEIRAS, MINEIRAS, INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVIZOS	
DIVISIÓN 0. GANDERÍA INDEPENDENTE	
Agrupación 01. Explotación de gando bovino	1
Agrupación 02. Explotación de gando ovino e caprino	1
Agrupación 03. Explotación de gando porcino	1
Agrupación 04. Avicultura	1
Agrupación 05. Cunicultura	1
Agrupación 06. Outras explotacións gandeiras NCOP	1
Agrupación 07. Explotacións mixtas	1
DIVISIÓN 1. ENERXÍA E AUGA	
Agrupación 11. Extracción, preparación e aglomeración de combustibles sólidos e coqueiras.	2
Agrupación 12. Extracción de petróleo e gas natural	2
Agrupación 13. Refino de petróleo	2
Agrupación 14. Extracción e transformación de minerais radiactivos	2
Agrupación 15. Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	2
Agrupación 16. Captación, tratamento e distribución de auga, e fabricación de xeo.	2
DIVISIÓN 2. EXTRACCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE MINERAIS NON ENERXÉTICOS E PRODUTOS DERIVADOS. INDUSTRIA QUÍMICA	
Agrupación 21. Extracción e preparación de minerais metálicos	2
Agrupación 22. Produción e primeira transformación de metais	2
Agrupación 23. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos: Turberas.	2
Agrupación 24. Industrias de produtos minerais non metálicos	2
Agrupación 25. Industria química	2
DIVISIÓN 3. INDUSTRIAS TRANSFORMADORAS DOS METAIS. MECÁNICA DE PRECISIÓN	
Agrupación 31. Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas E material de transporte)	2
Agrupación 32. Construción de maquinaria e equipo mecánico	2
Agrupación 33. Construción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)	2
Agrupación 34. Construción de maquinaria e material eléctrico	2
Agrupación 35. Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	2
Agrupación 36. Construción de vehículos automóbiles e as súas pezas de reposto	2
Agrupación 37. Construción naval, reparación e mantemento de buques	2

	INDICADOR ACTIVIDADE
Agrupación 38. Construción doutro material de transporte	2
Agrupación 39. Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	2
DIVISIÓN 4. OTRAS INDUSTRIAS DE MANUFACTURAS	
Agrupación 41. Industrias de produtos alimenticios e bebidas.	3,5
Agrupación 42. Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabaco	3,5
Agrupación 43. Industria téxtil	3
Agrupación 44. Industria do coiro	3
Agrupación 45. Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles	3
Agrupación 46. Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	3
Agrupación 47. Industria do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición	3
Agrupación 48. Industrias de transformación do caucho e materias plásticas	3
Agrupación 49. Outras industrias manufactureiras	3
DIVISIÓN 5. CONSTRUCCIÓN	
Agrupación 50. Construción	1,5
DIVISIÓN 6. COMERCIO, RESTAURANTES E HOSPEDAXE, REPARACIÓNS	
Agrupación 61. Comercio a por maior, excepto epígrafe 611,612, 617,618 e 619	3
GRUPO DE EPIGRAFES 611,612,617,618, 619	9
Agrupación 62. Recuperación de produtos	3
Agrupación 63. Intermediarios do comercio	2
Agrupación 64. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabacos, realizado en establecementos permanentes	4
Agrupación 65. Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes	3
Agrupación 66. EPIGRAFES 663 A 665; comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente (ambulancia, mercadiños e mercados ocasionais ou periódicos); comercio en réxime de expositores en depósito e mediante aparellos automáticos; comercio polo miúdo por correo e catálogo de produtos diversos	4
Agrupación 66. EPIGRAFES 661 E 662 Comercio mixto ou integrado	6
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 671, 672, 673,674 RESTAURANTES, CAFETERÍAS, BARES E DEMAIS CON COMIDA	7
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 671, 672, 673,674 RESTAURANTES, CAFETERÍAS, BARES E DEMAIS SEN COMIDA	5
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 675, 676,677	4,5
Agrupación 68. Servizo de hospedaxe CON SERVIZO DE COMIDA	7
Agrupación 68. Servizo de hospedaxe SEN SERVIZO DE COMIDA	4
Agrupación 69. Reparacións	3
DIVISIÓN 7. TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS	
Agrupación 71. Transporte por ferrocarril	2
Agrupación 72. Outros transportes terrestres	2
Agrupación 73. Transporte marítimo e por vías navegables interiores	2
Agrupación 74. Transporte aéreo	2
Agrupación 75. Actividades anexas aos transportes	2
Agrupación 76. Telecomunicacións	2
DIVISIÓN 8. INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS, SEGUROS, SERVIZOS PRESTADOS ÁS EMPRESAS E ALUGUEIROS	
Agrupación 81. Institucións financeiras	3
Agrupación 82. Seguros	3
Agrupación 83. Auxiliares financeiros e de seguros. Actividades inmobiliarias	3
Agrupación 84. Servizos prestados ás empresas	3
Agrupación 85. Alugueiro de bens mobles	3

	INDICADOR ACTIVIDADE
Agrupación 86. Alugueiro de bens inmoables	3
DIVISIÓN 9. OUTROS SERVIZOS	
Agrupación 91. Servizos agrícolas, gandeiro, forestais e pesqueiros	1
Agrupación 92. Servizos de saneamento, limpeza e similares. Servizos contra incendios e similares	2
Agrupación 93. Educación e investigación	2
Agrupación 94. Sanidade e servizos veterinarios	2
Agrupación 95. Asistencia e servizos sociais	4
Agrupación 96. Servizos recreativos e culturais	6
Agrupación 97. Servizos persoais	5
Agrupación 98. Parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados co espectáculo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais	6
Agrupación 99. Servizos non clasificados noutras rúbricas	2
SECCIÓN SEGUNDA. ACTIVIDADES PROFESIONAIS	2
DIVISIÓN 0. PROFESIONAIS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, CAZA, SILVICULTURA E PESCA	
Agrupación 01. Doutores e Licenciados en Ciencias Biolóxicas, Enxeñeiros Agrónomos e de Montes	0,25
Agrupación 02. Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Forestais, Técnicos en Bioloxía, Agronomía e Silvicultura e outros técnicos similares	0,25
Agrupación 09. Outros profesionais relacionados coa agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 1. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS ACTIVIDADES PROPIAS DA ENERXÍA, AUGA, MINERÍA E DA INDUSTRIA QUÍMICA	
Agrupación 11. Doutores e licenciados en Ciencias Físicas, en Ciencias Xeofísicas e en Ciencias Xeolóxicas, enxeñeiros de Minas	0,25
Agrupación 12. Doutores e licenciados en Ciencias Químicas	0,25
Agrupación 13. Enxeñeiros técnicos de Minas, facultativos e peritos	0,25
Agrupación 19. Outros profesionais relacionados coas actividades propias da enerxía, auga, minería e industria química, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 2. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS INDUSTRIAS DA AERONÁUTICA, DA TELECOMUNICACIÓN E DA MECÁNICA DE PRECISIÓN	0,25
Agrupación 21. Enxeñeiros aeronáuticos e navais, enxeñeiros de Telecomunicación e enxeñeiros de Armamento e Construción e similares.	0,25
Agrupación 22. Enxeñeiros técnicos e axudantes da Aeronáutica e axudantes de enxeñeiros de Armamento e Construción e similares.	0,25
Agrupación 29. Outros profesionais relacionados coas industrias da aeronáutica, da telecomunicación e da mecánica de precisión, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 3. PROFESIONAIS RELACIONADOS CON OUTRAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	
Agrupación 31. Enxeñeiros industriais e téxtiles	0,25
Agrupación 32. Enxeñeiros técnicos industriais e téxtiles e técnicos en Artes Gráficas	0,25
Agrupación 39. Outros profesionais relacionados con outras industrias manufactureiras, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 4. PROFESIONAIS RELACIONADOS COA CONSTRUCCIÓN	
Agrupación 41. Arquitectos e enxeñeiros superiores de Camiños, Canles e Portos	0,25
Agrupación 42. Arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos na Construción	0,25
Agrupación 43. Delineantes e decoradores	0,25
Agrupación 44. Técnicos superiores en Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas	0,25
Agrupación 45. Enxeñeiros en xeodesia e cartografía	0,25
Agrupación 49. Outros profesionais relacionados coa construción, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 5. PROFESIONAIS RELACIONADOS CO COMERCIO E A HOSTALERÍA	
Agrupación 51. Axentes comerciais	0,25
Agrupación 52. Técnicos en hostalería	0,25
Agrupación 59. Outros profesionais relacionados co comercio e a hostalería, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 6. PROFESIONAIS RELACIONADOS CO TRANSPORTE E AS COMUNICACIÓNS	
Agrupación 61. Xestores ou intermediarios nas operacións de transporte e condutores de vehículos terrestres	0,25
Agrupación 69. Outros profesionais relacionados co transporte e as comunicacións, n.c.o.p.	0,25

	INDICADOR ACTIVIDADE
DIVISIÓN 7. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS ACTIVIDADES FINANCEIRAS, XURÍDICAS, DE SEGUROS E DE ALUGUEIROS	
Agrupación 71. Profesionais relacionados cos seguros	0,25
Agrupación 72. Xestores de asuntos públicos e privados	0,25
Agrupación 73. Profesionais do Dereito	0,25
Agrupación 74. Profesionais da Economía e das Finanzas, Especialistas en Investimentos e Mercados e outros técnicos similares	0,25
Agrupación 75. Profesionais da Publicidade	0,25
Agrupación 76. Profesionais da Informática e das Ciencias Exactas	0,25
Agrupación 77. Profesionais de actividades diversas	0,25
Agrupación 79. Outros profesionais relacionados coas actividades financeiras, xurídicas, de seguros e de alugueiros, n.c.o.p.	0,25
DIVISIÓN 8. PROFESIONAIS RELACIONADOS CON OUTROS SERVIZOS	
Agrupación 81. Profesionais que prestan servizos de limpeza	0,25
Agrupación 82. Profesionais do ensino	0,25
Agrupación 83. Profesionais da Sanidade	0,25
Agrupación 84. Profesionais relacionados con actividades parasitarias	0,25
Agrupación 85. Profesionais relacionados co espectáculo	0,25
Agrupación 86. Profesións liberais, artísticas e literarias	0,25
Agrupación 87. Profesionais relacionados con loterías, apostas e demais xogos de sorte, envite e azar	0,25
Agrupación 88. Profesionais diversos	0,25
Agrupación 89. Outros profesionais relacionados cos servizos a que se refire esta división	0,25
SECCIÓN TERCEIRA. ACTIVIDADES ARTÍSTICAS	
Agrupación 01. Actividades relacionadas co cine, o teatro e o circo	0,25
Agrupación 02. Actividades relacionadas co baile	0,25
Agrupación 03. Actividades relacionadas coa música	0,25
Agrupación 04. Actividades relacionadas co deporte	0,25
Agrupación 05. Actividades relacionadas con espectáculos taurinos	0,25

Sobre este indicador sumarase un coeficiente en función da consideración do tipo de xerador existente que ten en conta a superficie do local onde se desenvolve a actividade

Os coeficientes por tipo de xeradores de residuo serán:

- Xeradores pequenos, se se trata de actividades desenvolvidas en establecementos, locais, despachos ou no domicilio habitual, de superficie inferior ou igual a 30 m². COEFICIENTE DE 0,5.
- Xeradores medios, se se trata de actividades desenvolvidas en locais, establecementos, despachos, etc. con superficies a partir de 30 m² e ata 200 m² incluídos. COEFICIENTE DE 1.
- Xeradores grandes, se se trata de actividades desenvolvidas en locais, establecementos, despachos, etc. con superficies a partir de 200 m² e ata 500 m². COEFICIENTE DE 3.
- Xeradores importantes, se se trata de actividades desenvolvidas en locais, establecementos, despachos, etc. con superficies de máis de 500 m². COEFICIENTE DE 5.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá aplicar a taxa aos titulares de actividades xeradoras de residuos que non declarasen superficie e exerzan a súa actividade nun establecemento físico. Neste suposto aplicarase a superficie que apareza nas bases de datos de licenzas de actividades e/ou na base de datos do catastro.

Así pois, o coeficiente de actividade obtense ao sumar un indicador de actividade (IA) co coeficiente xerador (CR).

Conforme ao indicado os coeficientes de actividade resultantes para cada categoría de actividade serán os seguintes:

DIVISIÓN 0. GANDERÍA INDEPENDENTE	PEQUENO	MEDIO	GRANDE	IMPORTANTE
Agrupación 01. Explotación de gando bovino	1,5	2	4	7
Agrupación 02. Explotación de gando ovino e caprino	1,5	2	4	7
Agrupación 03. Explotación de gando porcino	1,5	2	4	7
Agrupación 04. Avicultura	1,5	2	4	7
Agrupación 05. Cunicultura	1,5	2	4	7
Agrupación 06. Outras explotacións gandeiras NCOP	1,5	2	4	7
Agrupación 07. Explotacións mixtas	1,5	2	4	7
DIVISIÓN 1. ENERXÍA E AUGA				
Agrupación 11. Extracción, preparación e aglomeración de combustibles sólidos e coquerías	2,5	3	5	8
Agrupación 12. Extracción de petróleo e gas natural	2,5	3	5	8
Agrupación 13. Refino de petróleo	2,5	3	5	8
Agrupación 14. Extracción e transformación de minerais radioactivos	2,5	3	5	8
Agrupación 15. Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	2,5	3	5	8
Agrupación 16. Captación, tratamento e distribución de auga, e fabricación de xeo	2,5	3	5	8
DIVISIÓN 2. EXTRACCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE MINERAIS NON ENERXÉTICOS E PRODUTOS DERIVADOS. INDUSTRIA QUÍMICA				
Agrupación 21. Extracción e preparación de minerais metálicos	2,5	3	5	8
Agrupación 22. Producción e primeira transformación de metais	2,5	3	5	8
Agrupación 23. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos: Turberas	2,5	3	5	8
Agrupación 24. Industrias de produtos minerais non metálicos	2,5	3	5	8
Agrupación 25. Industria Química	2,5	3	5	8
DIVISIÓN 3. INDUSTRIAS TRANSFORMADORAS DOS METAIS. MECÁNICA DE PRECISIÓN				
Agrupación 31. Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas E material de transporte)	2,5	3	5	8
Agrupación 32. Construción de maquinaria e equipo mecánico	2,5	3	5	8
Agrupación 33. Construción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)	2,5	3	5	8
Agrupación 34. Construción de maquinaria e material eléctrico	2,5	3	5	8
Agrupación 35. Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	2,5	3	5	8
Agrupación 36. Construción de vehículos automóbiles e as súas pezas de reposto	2,5	3	5	8
Agrupación 37. Construción naval, reparación e mantemento de buques	2,5	3	5	8
Agrupación 38. Construción doutro material de transporte	2,5	3	5	8
Agrupación 39. Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	2,5	3	5	8
DIVISIÓN 3. INDUSTRIAS TRANSFORMADORAS DOS METAIS. MECÁNICA DE PRECISIÓN				
Agrupación 41. Industrias de produtos alimenticios e bebidas	4	4,5	6,5	9,5
Agrupación 42. Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabaco	4	4,5	6,5	9,5
Agrupación 43. Industria téxtil	3,5	4	6	9
Agrupación 44. Industria do coiro	3,5	4	6	9
Agrupación 45. Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles	3,5	4	6	9
Agrupación 46. Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	3,5	4	6	9
Agrupación 47. Industria do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición	3,5	4	6	9
Agrupación 48. Industrias de transformación do caucho e materias plásticas	3,5	4	6	9
Agrupación 49. Outras industrias manufactureiras	3,5	4	6	9
DIVISIÓN 5. CONSTRUCCIÓN				
Agrupación 50. Construción	2	2,5	4,5	7,5
DIVISIÓN 6. COMERCIO, RESTAURANTES E HOSPEDAXE, REPARACIÓN	0,5	1		6
Agrupación 61. Comercio a por maior, excepto epígrafe 611,612, 617,618 Y 619	3,5	4	6	9

GRUPO DE EPIGRAFES 611,612,617,618, 619	9,5	10	12	15
Agrupación 62. Recuperación de produtos	3,5	4	6	9
Agrupación 63. Intermediarios do comercio	2,5	3	5	8
Agrupación 64. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabacos, realizado en establecementos permanentes	4,5	5	7	10
Agrupación 65. Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes	3,5	4	6	9
Agrupación 66. EPIGRAFES 663 A 665; comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente (ambulancia, mercadillos e mercados ocasionais ou periódicos); comercio en réxime de expositores en depósito e mediante aparellos automáticos; comercio polo miúdo por correo e catálogo de produtos diversos	4,5	5	7	10
Agrupación 66. EPIGRAFES 661 Y 662 Comercio mixto ou integrado	6,5	7	9	12
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 671, 672, 673,674 RESTAURANTES, CAFETERIAS , BARES E DEMAIS CON COMIDA	7,5	8	10	13
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 671, 672, 673,674 RESTAURANTES, CAFETERIAS , BARES E DEMAIS SEN COMIDA	5,5	6	8	11
Agrupación 67. Servizo de alimentación. GRUPO 675, 676,677	5	5,5	7,5	10,5
Agrupación 68. Servizo de hospedaxe CON SERVIZO DE COMIDA	7,5	8	10	13
Agrupación 68. Servizo de hospedaxe SEN SERVIZO DE COMIDA	4,5	5	7	10
Agrupación 69. Reparacións	3,5	4	6	9
DIVISIÓN 7. TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS				
Agrupación 71. Transporte por ferrocarril	2,5	3	5	8
Agrupación 72. Outros transportes terrestres	2,5	3	5	8
Agrupación 73. Transporte marítimo e por vías navegables interiores	2,5	3	5	8
Agrupación 74. Transporte aéreo	2,5	3	5	8
Agrupación 75. Actividades anexas aos transportes	2,5	3	5	8
Agrupación 76. Telecomunicacións	2,5	3	5	8
DIVISIÓN 8. INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS, SEGUROS, SERVIZOS PRESTADOS ÁS EMPRESAS E ALUGUEIROS				
Agrupación 81. Institucións financeiras	3,5	4	6	9
Agrupación 82. Seguros	3,5	4	6	9
Agrupación 83. Auxiliares financeiros e de seguros. Actividades inmobiliarias	3,5	4	6	9
Agrupación 84. Servizos prestados ás empresas	3,5	4	6	9
Agrupación 85. Alugueiro de bens mobles	3,5	4	6	9
Agrupación 86. Alugueiro de bens inmoables	3,5	4	6	9
DIVISIÓN 9. OUTROS SERVIZOS				
Agrupación 91. Servizos agrícolas, gandeiro, forestais e pesqueiros	1,5	2	4	7
Agrupación 92. Servizos de saneamento, limpeza e similares. Servizos contra incendios e similares	2,5	3	5	8
Agrupación 93. Educación e investigación	2,5	3	5	8
Agrupación 94. Sanidade e servizos veterinarios	2,5	3	5	8
Agrupación 95. Asistencia e servizos sociais	4,5	5	7	10
Agrupación 96. Servizos recreativos e culturais	6,5	7	9	12
Agrupación 97. Servizos persoais	5,5	6	8	11
Agrupación 98. Parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados co espectáculo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais	6,5	7	9	12
Agrupación 99. Servizos non clasificados noutras rúbricas	2,5	3	5	8
SECCIÓN SEGUNDA. ACTIVIDADES PROFESIONAIS	2,5	3	5	8
DIVISIÓN 0. PROFESIONAIS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, CAZA, SILVICULTURA E PESCA				
Agrupación 01. Doutores e licenciados en Ciencias Biolóxicas, enxeñeiros agrónomos e de Montes	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 02. Enxeñeiros técnicos agrícolas e forestais, técnicos en Bioloxía, Agronomía e Silvicultura e outros técnicos similares	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 09. Outros profesionais relacionados coa agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25

DIVISIÓN 1. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS ACTIVIDADES PROPIAS DA ENERXÍA, AUGA, MINERÍA E DA INDUSTRIA QUÍMICA				
Agrupación 11. Doutores e licenciados en Ciencias Físicas, en Ciencias Xeofísicas e en Ciencias Xeolóxicas, enxeñeiros de Minas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 12. Doutores e licenciados en Ciencias Químicas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 13. Enxeñeiros técnicos de Minas, facultativos e peritos	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 19. Outros profesionais relacionados coas actividades propias da enerxía, auga minería e industria química, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 2. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS INDUSTRIAS DA AERONÁUTICA, DA TELECOMUNICACIÓN E DA MECÁNICA DE PRECISIÓN		1,25	3,25	6,25
Agrupación 21. Enxeñeiros aeronáuticos e navais, enxeñeiros de Telecomunicación e enxeñeiros de Armamento e Construción e similares.	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 22. Enxeñeiros técnicos e axudantes da Aeronáutica e axudantes de enxeñeiros de Armamento e Construción e similares.	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 29. Outros profesionais relacionados coas industrias da aeronáutica, da telecomunicación e da mecánica de precisión, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 3. PROFESIONAIS RELACIONADOS CON OUTRAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS				
Agrupación 31. Enxeñeiros industriais e téxtiles	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 32. Enxeñeiros técnicos industriais e téxtiles e técnicos en Artes Gráficas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 39. Outros profesionais relacionados con outras industrias manufactureiras, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 4. PROFESIONAIS RELACIONADOS COA CONSTRUCCIÓN				
Agrupación 41. Arquitectos e enxeñeiros superiores de Camiños, Canles e Portos	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 42. Arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos na Construción	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 43. Delineantes e decoradores	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 44. Técnicos superiores en Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 45. Enxeñeiros en xeodesia e cartografía	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 49. Outros profesionais relacionados coa construción, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 5. PROFESIONAIS RELACIONADOS CO COMERCIO E A HOSTALERÍA				
Agrupación 51. Axentes comerciais	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 52. Técnicos en hostalería	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 59. Outros profesionais relacionados co comercio e a hostalería, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 6. PROFESIONAIS RELACIONADOS CO TRANSPORTE E AS COMUNICACIÓNS				
Agrupación 61. Xestores ou intermediarios nas operacións de transporte e condutores de vehículos terrestres	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 69. Outros profesionais relacionados co transporte e as comunicacións, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 7. PROFESIONAIS RELACIONADOS COAS ACTIVIDADES FINANCEIRAS, XURÍDICAS, DE SEGUROS Y DE ALUGUEIROS				
Agrupación 71. Profesionais relacionados cos seguros	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 72. Xestores de asuntos públicos e privados	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 73. Profesionais do Dereito	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 74. Profesionais da Economía e das Finanzas, especialistas en Investimentos e Mercados e outros técnicos similares	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 75. Profesionais da Publicidade	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 76. Profesionais da Informática e das Ciencias Exactas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 77. Profesionais de actividades diversas	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 79. Outros profesionais relacionados coas actividades financeiras, xurídicas, de seguros e de alugueiros, n.c.o.p.	0,75	1,25	3,25	6,25
DIVISIÓN 8. PROFESIONAIS RELACIONADOS CON OUTROS SERVIZOS				
Agrupación 81. Profesionais que prestan servizos de limpeza		1,25	3,25	6,25
Agrupación 82. Profesionais do ensino	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 83. Profesionais da Sanidade	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 84. Profesionais relacionados con actividades parasanitarias	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 85. Profesionais relacionados co espectáculo	0,75	1,25	3,25	6,25

Agrupación 86. Profesións liberais, artísticas e literarias	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 87. Profesionais relacionados con loterías, apostas e demais xogos de sorte, envite e azar	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 88. Profesionais diversos	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 89. Outros profesionais relacionados cos servizos a que se refire esta división	0,75	1,25	3,25	6,25
SECCIÓN TERCEIRA. ACTIVIDADES ARTÍSTICAS				
Agrupación 01. Actividades relacionadas co cine, o teatro e o circo	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 02. Actividades relacionadas co baile	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 03. Actividades relacionadas coa música	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 04. Actividades relacionadas co deporte	0,75	1,25	3,25	6,25
Agrupación 05. Actividades relacionadas con espectáculos taurinos	0,75	1,25	3,25	6,25

ARTIGO 6. TARIFAS CERO, ESPECIAIS E REDUCIDAS

1. Tributarán por cota cero, na tarifa de vivenda, as persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e as acollidas a réximes protectores de carácter público análogos á mencionada, así como aqueles suxeitos pasivos que acrediten que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non superan o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2. Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non superan a cantidade de multiplicar o IPREM por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,25 pola tarifa prevista para as vivendas.

3. No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa ou familia monoparental, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas.

Para ter dereito á obtención destas tarifas, a persoa interesada deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de subministración de auga con EMALCSA.
- Que o suxeito pasivo estea empadroadado e resida na vivenda para a que solicita a aplicación da tarifa indicada.
- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os das persoas empadroadas, así como aquelas que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en dereito. Aos efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da tarifa cero, especial ou reducida, no caso de pensións ou prestacións sociais, e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

- No caso de familias numerosas, deberán acompañar a solicitude do título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.

- No caso de familias monoparentais, deberán acompañar a solicitude do certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da comunidade autónoma correspondente equivalente, que acredite a condición de familia monoparental vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.

4. Aplicarase unha redución do 55% da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente. A tal efecto, considerarase acreditada a participación na recollida separada de residuos se cumpren calquera das seguintes condicións:

- Que a vivenda conte cun composteiro domiciliario entregado polo Servizo de Medio Ambiente, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo. Os técnicos de Medio Ambiente poderán solicitar en calquera momento que polo suxeito pasivo se acredite a utilización do composteiro ou a realización de comprobacións respecto da utilización do composteiro entregado para a compostaxe.

- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado, como mínimo, dúas entregas a algún dos puntos limpos municipais.

